

SOLUCIÓNS ACTIVIDADES 1º BAC

SEMANA 5-8 MAIO

1ª SESIÓN:

Esperamos fixerades con moita atención a tarefa da primeira sesión semanal e que os vossos exercicios estean revisados e corrixidos.

Aínda tedes ata luns día 11 para enviar as respostas das preguntas 1, 2 e 3 do texto de Manuel Murguía da páx. 295.

2ª SESIÓN

6. Fragmento do discurso de Manuel Murguía nos Xogos Florais de Tui (1891)

Localiza os principais argumentos empregados por Murguía para destacar a importancia do idioma galego. Clasifícaos en argumentos de identidade, utilidade ou prestixio.

a) Argumentos de utilidade:

É o idioma que falan os aldeáns (a maioría da poboación do país nesa época, pois).

É lingua oficial en Portugal, no Brasil e nas entón colonias portuguesas de África, Asia e Oceanía.

Fálano, con variantes, moitos millóns de persoas no mundo.

Serve para escribir, como demostra a variante portuguesa, unha literatura de primeirísima calidade.

É o mellor instrumento posíbel para a expresión dunha literatura galega de seu, oposta ao xenio de Castela.

b) Argumentos de identidade:

É o idioma que falaron nosos pais.

É o fillo maior da patria galega, isto é, a creación colectiva dos galegos e galegas máis importante.

É o que nos dá “dereito á enteira posesión da terra en que fomos nados”.

É o vaso depositario das esencias da nosa nacionalidade e o máximo elemento identitario (“que nos di que, pois somos un pobo distinto, debemos selo”).

É signo distintivo por excelencia da existencia (e permanencia) dunha nacionalidade galega de seu (“léngua distinta –di o aforismo político– acusa distinta nacionalidade”).

c) Argumentos de prestixio:

Nel cantaron reis e trovadores, na época medieval.

Ten dozuras e acentos conmovedores para o corazón dos galegos

É lingua oficial en moitos territorios, a comezar por Portugal e polo Brasil.

Ten unha magnífica literatura, representada na súa variante lusa por nomes como Camões, Vieira, Almeida Garrett e Alexandre Herculano.

É resultado da fusión de elementos procedentes de diversos e prestixiosos pobos da antigüidade como os celtas, os romanos e os suevos.

2. No texto aparecen referidos algúns síntomas da grave situación que atravesaba o galego nesa época. Sinálaos.

Algúns síntomas da gravidade da situación do galego nesa época suxeridos por Murguía son:

- A perda xeral de usuarios.
- A ruptura da transmisión xeracional (“falaron nosos pais e vamos esquencendo”).
- O contraste entre a urbe castelanizada e a aldea fiel ao galego (“o que falan os aldeáns e nos achamos a ponto de n’entendelo”).
- O desprestixio social (idioma galego como elemento distintivo dunha nacionalidade, a galega, “negada e, aínda máis, escarnecida”).
- A necesidade de afrontar a súa adecuación para servir de idioma de cultura (“poñamos de nós o que faga falla, pra que sea apta sempre esta léngua en consonancia co noso espírito, e feita como ningunha outra pra a espresión dunha literatura [...]).

3. De que maneira vincula Murguía lingua e nacionalidade?

Identificando a existencia dunha coa existencia da outra. Alí onde exista un pobo con lingua de seu, existe unha nación, estea ou non recoñecida, sexa ou non independente formalmente, forme ou non Estado propio. *“Léngua distinta- di o aforismo político-acusa distinta nacionalidade”*